

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/32	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	20 de novembro de 2019
Duración	Desde as 13:40 ata as 14:30 horas
Lugar	SALA DE XUNTAS
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES: D. Constantino Cordal Rodríguez, D. Samuel Lago Ozón, D. Xurxo Charlín Trigo, D^a M^a Cruz Leiro Peña e D^a Carolina Aragunde Laya.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Expediente 5766/2019. Prestaciones Económicas de Servizos Sociais.- F.E.S. (Solicitante: M.P.M.M.)

Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Comercio, Promoción Económica, Servizos Sociais e Infancia, de data 18/11/2019, na que se recolle o seguinte: “Visto o expediente relativo a solicitude de concesión de Axuda de Emerxencia Social presentada por D^a M.P.M.M. con DNI:*****, na data 08/11/2019.

Visto o Informe favorable por parte da Traballadora Social de conformidade co previsto no artigo 10.3 e Anexo VI das Bases para a concesión de Axudas de Emerxencia Social dentro do programa básico de inserción social con data 08/11/2019

Visto o Informe de fiscalización da Interventora municipal emitido con data 12/11/2019

Vistas as Bases para a concesión de axudas de emerxencia, dentro do programa básico de inserción social, publicadas no BOP N^o16 de 26 de xaneiro de 2016 e a Resolución da Alcaldía de 12.11.2019 pola que se delegan atribucións nesta Concellería, PROPOÑO ...”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e consonte coa referida proposta, acorda:

PRIMEIRO.- Conceder unha axuda de emerxencia social a ***** con DNI: *****, de acordo co seguinte detalle e con cargo á aplicación orzamentaria 2310/22105:

Concepto para o que se concede a axuda: COMPRA DE VACUNAS

Contía total da axuda: 423,48€

Forma de pagamento: CHEQUE NOMINATIVO

Duración da axuda: PAGO ÚNICO

SEGUNDO.- (no caso de xustificación posterior ao pago).- O beneficiario da axuda deberá presentar a documentación xustificativa do gasto no prazo máximo dun mes dende a percepción da axuda, de acordo do disposto no artigo 13 das Bases para a concesión de axudas de emerxencia social dentro do programa básico de inserción social, sendo responsabilidade do Departamento de Servizos Sociais a comprobación do cumprimento da xustificación.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ó/á interesado/a e ao Departamento de Servizos Sociais, indicando que, contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

2.- Expediente 5252/2019. Prestacións Económicas de Servizos Sociais.- F.E.S. (Solicitante: R.G.S.)

Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Comercio, Promoción Económica, Servizos Sociais e Infancia, de data 19/11/2019, na que se recolle o seguinte: “Visto o expediente relativo a solicitude de concesión de Axuda de Emerxencia Social presentada por D^a R.G.S. con DNI: *****, na data 11/10/2019.

Visto o Informe favorable por parte da Traballadora Social de conformidade co previsto no artigo 10.3 e Anexo VI das Bases para a concesión de Axudas de Emerxencia Social dentro do programa básico de inserción social con data 08/11/2019.

Visto o Informe de fiscalización da Interventora municipal emitido con data 12/11/2019.

Vistas as Bases para a concesión de axudas de emerxencia, dentro do programa básico de inserción social, publicadas no BOP. N^o16 de 26 de xaneiro de 2016 e a Resolución da Alcaldía de 12.11.2019 pola que se delegan atribucións nesta Concellería, PROPOÑO ..”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e consonte coa referida proposta,

acorda:

PRIMEIRO.- Conceder unha axuda de emerxencia social a ***** con DNI: ***** , de acordo co seguinte detalle e con cargo á aplicación orzamentaria 2310/22105:

Concepto para o que se concede a axuda: GASTOS SEPELIO

Contía total da axuda: 1.613,52€

Forma de pagamento: PAGO DELEGADO

Duración da axuda: PAGO ÚNICO

SEGUNDO.- (no caso de xustificación posterior ao pago).- O beneficiario da axuda deberá presentar a documentación xustificativa do gasto no prazo máximo dun mes dende a percepción da axuda, de acordo do disposto no artigo 13 das Bases para a concesión de axudas de emerxencia social dentro do programa básico de inserción social, sendo responsabilidade do Departamento de Servizos Sociais a comprobación do cumprimento da xustificación.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ó/á interesado/a e ao Departamento de Servizos Sociais, indicando que, contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

3.- Expediente 5277/2019. Prestacións Económicas de Servizos Sociais.- Proposta extinción F.E.S. (M.J.V.A.)

Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Comercio, Promoción Económica, Servizos Sociais e Infancia, de data 14/11/2019, na que se recolle o seguinte: *“Visto o expediente de concesión de Axuda de Emerxencia Social presentada por D^a M.J.V.A. con DNI: ***** , con data de entrada no rexistro 11/10/2019.*

Visto o informe emitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambados con data 13/11/2019.

Vistas as Bases para a concesión de axudas de emerxencia, dentro do programa básico de inserción social, publicadas no BOP. Nº16 de 26 de xaneiro de 2016 e a Resolución da Alcaldía de 12.11.2019 pola que se delegan atribucións nesta Concellería, PROPOÑO ...”

A Xunta de Goberno Local, por unimidade, e consonte coa referida proposta, acorda:

PRIMEIRO.- Extinguir a prestación económica de emerxencia social concedida a D^a M.J.V.A. con DNI: ***** .

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ó/á interesado/a e ao Departamento de Servizos Sociais, indicando que, contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

4.- Expediente 4694/2018. Subvención rehabilitación protexida.- Actuación: San Gregorio, 11 (Beneficiaria: P***** P***** S*****)

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18/11/2019, na que se recolle o seguinte: “*Vista a solicitude presentada por D/DNA. P***** P***** S***** no expediente n.º 4694/2018 cuxos datos aparecen no encabezamento.*”

Visto o informe do Técnico Municipal de Patrimonio Cultural e do Arquitecto Municipal que obra incorporado ao expediente 4694/2018 no que se recolle o seguinte: “O Expediente de Rehabilitación Protexida foi tramitado ao abeiro do Acordo da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2017, asinado entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Cambados, para o financiamento da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Conxunto Histórico de Cambados, de conformidade co establecido no Real Decreto 233/2013 de 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de Fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016; e na Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras a as axudas autonómicas previstas para este programa.

O expediente acadou a CUALIFICACIÓN PROVISIONAL por parte da Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo na data de 17/09/2019.

Certificada a execución das actuacións que obran no expediente, e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos na devandita normativa sobre a(s) persoa(s) beneficiaria(s), proponse á Xunta de Goberno a adopción de Acordo de tramitación ao IGVS da PROPOSTA DE CUALIFICACIÓN DEFINITIVA. Neste Acordo deberá constar o cumprimento dos requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda, e á persoa beneficiaria esixidos polo Plan Estatal 2013/2016”.

...

A Xunta de Goberno Local, consonte coa referida proposta, acorda:

PRIMEIRO.- Proceder á tramitación ao IGVS da Xunta de Galicia o Expediente de Rehabilitación Protexida para a súa CUALIFICACIÓN DEFINITIVA do solicitante D^a P***** P***** S***** , con DNI n.º ***** , para a actuación no inmovible sito en SAN GREGORIO, 11, ao cumprirse os requisitos referidos á persoa beneficiaria, ás actuacións e ao edificio ou vivenda, esixidos polo Plan Estatal de Vivenda 2013-2016.

SEGUNDO.- Dar traslado do Acordo aos técnicos do departamento de urbanismo que elaboraron o devandito informe a través dos medios telemáticos (Expte.: 4694/2018), para o seu coñecemento e efectos indicados.

TERCEIRO.- Dar traslado do acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia aos efectos indicados.

5.- Expediente 1597/2017. Licenza urbanística.- Legalización de modificado de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en A Seca - Corvillón (Promotora: B*** B***** S*****)**

1. PETICIONARIA: B***** B***** S*****
 2. OBXECTO DA OBRA: Legalización de modificado de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar
 3. LUGAR DAS OBRAS: A Seca (Corvillón)
 4. EXPEDIENTE: 1597/2017
 5. DATA DA SOLICITUDE: 09.07.2018
- Consta licenza outorgada a B***** B***** S***** para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar no lugar de A Seca (Corvillón) en sesión da Xunta de Goberno Local de 06.07.2016.
- Consta licenza de modificacións de proxecto de rehabilitación e ampliación de vivenda no lugar de A Seca (Corvillón) outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local de 08.11.2017
- Consta modificado de proxecto básico e de execución de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar (Anexo II)
- Consta autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 17.09.2018
- Emitíronse informes do Arquitecto Municipal, favorables, de 25.04.2018 e 12.11.2019
- Consta informe de Secretaría, favorable, de 19.11.2019
- De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:
- Conceder licenza municipal de obra maior a B***** B***** S***** para legalización de modificado de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en lugar A Seca – Corvillón de acordo co proxecto básico e de execución de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar (Anexo II) redactado polo Arquitecto Juan Antonio Rebolledo Inchaurreaga.

Outros datos do expediente:

- a) Clasificación urbanística do solo: Solo Urbano Ordenanza nº 6 de entidades rurais de poboación
- b) Referencia Catastral: 5388704NH1058N0001SX
- c) Uso: Vivenda

Condicións:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude.

Mantéñense as condicións de execución de obras, indicadas con anterioridade no expediente de concesión de licenza 205/2014.

6.- Expediente 4243/2018. Licenza Urbanística.- Parcelación en Xesteira - Castrelo (Promotor: V*** B***** M*****)**

1. PETICIONARIO: D. V***** B***** M*****
 2. LUGAR DAS OBRAS: Xesteira (Castrelo)
 3. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 4243/2018
 4. DATA DA SOLICITUDE: 13.01.2016
 5. OBXECTO DA OBRA: Licenza de Parcelación
- Consta proxecto de segregación redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Julio C.

Reboredo Fraiz

Emitiuse informe da asistencia técnica, favorable, o 04.06.2019

Consta informe de Secretaría, favorable, de 19.11.2019

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de parcelación a V**** B***** M***** no lugar de Xesteira – Castrelo nº 104 de acordo co proxecto de segregación redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Julio C. Reboredo Fraiz.

Outros datos do expediente:

Clasificación urbanística do solo: Solo non urbanizable (Ordenanza 7). De solo non urbanizable dos núcleos rurais tradicionais.

Parcelas de Oríxe (Matriz) 6324403NH1062S0001KQ

Oeste: En parte propiedade de Herdeiros de Dna. L*** D***** V***** e en parte pista asfaltada

Este: Pista asfaltada

Sur: En parte propiedade de Herdeiros de Dna. L*** D***** V***** , con máis propiedade dos mesmos e parcela 6324403NH1062S

Norte: Pista asfaltada

Superficie: 1.949,00 m² (Solo Núcleo Rural)

Parcelas resultantes:

Parcela Resultante 1: D. V**** B***** M***** e Dna. D**** R***** G*****

Oeste: En parte propiedade de Herdeiros de Dna. L*** D***** V***** e en parte pista asfaltada

Este: Pista asfaltada

Sur: En parte propiedade de Herdeiros de Dna. L**** D***** V***** , con máis propiedade dos mesmos

Norte: Pista asfaltada e en parte Predio Resultante 2

Condições:

Deberase ceder a superficie afectada polas aliñacións no fronte da parcela Aliñación a 4,00 m. do eixo do vial

Cesión 3,00 m²

Superficie: 1.155,00 m²

Parcela Resultante 2: D. V**** B***** M***** e Dna. D***** R***** G*****

Oeste: Predio Resultante 1

Este: Pista asfaltada que lle da acceso

Sur: En parte propiedade de Herdeiros de Dna. L**** D***** V***** , e parcela 6324403NH1062S

Norte: Pista asfaltada que lle da acceso

Superficie: 794,00 m²

Finca Cesión Municipal

Oeste: Fincas segregadas e camiño asfaltado

Este: Fincas segregadas e camiño asfaltado

Sur: Fincas segregadas

Norte: Camiño asfaltado

Superficie: 23 m²

Condições

Deberá permitir as luces e as vistas da parcela colindante (finca A) na linea de

alineación interior da edificación, ao obxecto de permitir que a parcela A poida alcanzar o fondo máximo edificable.

Superficie: 23,00m²

Condições:

A licenza entenderase outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

7.- Expediente 5856/2019. Proc. Abreviado 349/2016 - Sentenza T.S.X.G. Recurso Apelación 4015/2018 (Interesados: R*** M***** C*****, C***** V***** R***** e J***** P***** V*****)**

Visto o contido do fallo da sentenza ditada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en autos de Recurso de Apelación Número 4.015/2.018, tramitado a instancias de dona C***** V***** R***** e Dona J***** P***** V***** , en calidade de recorrentes, representadas polo Procurador dos Tribunais, don José Luis González Martín, e asistida polo Letrado, don Francisco Trigo Durán; contra o Concello de Cambados, en calidade de recorrido, representado pola Procuradora dos Tribunais, dona Ana María Fátima Martínez Rial, e asistido do Letrado municipal, don Rafael Riveiro Álvarez; que se pasa a transcribir de xeito literal:

“FALLAMOS: *Por todo lo expuesto, en nombre del Rey, por la autoridad que le confiere la Constitución, esta Sala ha decidido:*

- 1) *Desestimar el recurso de apelación interpuesto por el Procurador D. José Luis González Martín, en nombre y representación de D^a C***** V***** R***** y D^a J***** P***** V***** , contra la sentencia nº 213/2017, de fecha 27 de octubre de 2.017, dictada en autos de PA nº 349/2016, del Juzgado de lo Contencioso – administrativo nº 1 de Pontevedra.*
- 2) *Hacer imposición del pago de las costas procesales a la parte apelante dentro del límite establecido en la fundamentación jurídica de la presente resolución”.*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Cambados, acorda solicitar informe á asesoría xurídica en relación á viabilidade e oportunidade de interpoñer recurso de casación fronte á citada sentenza.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE